

letras galegas, ribadeo 2000

BANDA

RIBADEO

venres 12 de maio ás 9 da noite
igreja parroquial de ribadeo

Máis da metade das obras en programa do que se cadra sexa o último concerto da Municipal ribadense no marco da Igrexa Parroquial de Ribadeo non foron aínda interpretadas na vila.

O *Andante* do 2º movemento da *Sinfonía nº 2* de Andrés Gaos (A Coruña, 1874 - Mar del Plata, 1959) foi arraxado para banda, apartir da partitura orixinal para orquestra, polo Director da **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo**, o profesor Hernán Naval. Trátase dunha páxina dun lirismo estremecedor, de rica e densa harmonía, de estética nacionalista aínda que máis lonxe das referencias folklóricas que os demais movementos da *Sinfonía*. Require unha interpretación sutil e concentrada, con fraseos de longo alento. O boleiro galego *Morriña*, do tamén coruñés Eduardo Diehl, contribúe a distindir o programa e máis á presenza de música galega no concerto celebratorio da festa nacional das Letras.

Unha nova obra orixinal para banda sinfónica ven de se incorporar ao repertorio da Municipal: *Visions of flight* (*Visións de vó*), de Robert Sheldon; como *Spartanburg*, de Kopetz, xa coñecida do público ribadense, trátase dunha obertura americana concebida para grande banda xuvenil e amater. Non tivo consideración nengunha cos seus hipotéticos intérpretes Alfred Reed cando escribiu *O Camiño Real*, tamén xa ouvida en Ribadeo, sen dúbida a páxina máis comprometedora do programa de hoxe.

Fideis ao noso estilo, unha nova banda sonora: o célebre *Do-Re-Mi* de *Sorrisos e bágoas*, de Richard Rodgers, nunha rutilante versión lonxe do acaramelamento de Julie Andrews na película. E sempre ao noso xeito: *My way*, con permiso de Sinatra.

Spartanburg (Obertura) Barry E. Kopetz

O Camiño Real Alfred Reed

Andante do 2º mov. (*Cantos celtas*) da

Sinfonía nº 2 (*Nas montañas de Galiza*) .. Andrés Gaos
(Arr.: Hernán Naval)

Morriña (Bolego galego) E. Diehl

My way Anka/Thibault/François/Revaux

Visions of flight (*Visións de vó*) Robert Sheldon

Sorrisos e bágoas Richard Rodgers
(Arr. Takashi Hoshide)

HERNÁN NAVAL
Director